CARLOS VIEITEZ FERNANDEZ (1 para 2)
ALCALDE-PRESIDENTE
Data de Sinatura: 03/11/2026
HASH: 289e1c52edab8828aa5d3c03e6691 7ee

TRINIDAD LORENZO LEMA (2 para 2)
SECRETARIA-INTERVENTORA ACCIDENTAL
Data de Sinatura: 03/11/2026
HASH: e7a8f0320af667458deb22db5b4590 57

EXPEDIENTE: 128 BIS/2026

ASUNTO: EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE O PAZO A COIRÓN (D-01)", MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO SUMARIO.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ANTECEDENTES

1º.- O Concello de Meaño solicitou axuda económica, ao abeiro da ORDE do 30 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2026 das axudas para actuacións en camiños rurais no período 2026-2027, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023- 2027 de España, en réxime de concorrencia non competitiva mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento MR701E), para:

- ✓ Proxecto de obra "MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE O PAZO A COIRÓN (D-01)", redactado por don Gabino Grande Toro, enxeñeiro técnico agrícola e enxeñeiro agrónomo:
  Orzamento sen IVE de 53.788,00 €
  IVE: 11.295,48 €
  Orzamento Base de Licitación: 65.083,48 €

- ✓ Control de calidade:
  Orzamento sen IVE:1.220,00 €
  IVE: 256,20 €
  Orzamento Base de Licitación: 1.476,20 €

Co nº de rexistro de entrada 2026-E-RC-2463 (10/06/2026) se notifica a Resolución da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural pola que se concede ao concello de Meaño unha axuda por importe de 55.008,00 € ao abeiro da orde do 30 de decembro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2026 das axudas para actuacións en camiños rurais no período 2026-2027, coas seguintes condicións:

PROXECTO	Orzamento presentado	Orzamento aceptado
MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE O PAZO A COIRÓN (D-01)	53.788,00 €	53.788,00 €
Total Proxecto de obra	**53.788,00 €**	**53.788,00 €**
Control de calidade	1.220,00 €	1.220,00 €
TOTAL SOLICITUDE DE AXUDA	**55.088,00 €**	**55.088,00 €**

2º.- Consta no expediente informe xurídico de data 02.10.2025, RC Nº 220260003760 na aplicación 454.619.05.01 por importe de 65.083,48 €, así como informe de intervención de fiscalización da autorización do gasto.

3º.- Por Resolución da Alcaldía nº 2026-0600, de data 05.10.2026, apróbase o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado sumario cun orzamento base de licitación de 65.083,48, os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán a adxudicación, e o gasto por importe total de 65.083,48 €.

RESOLUCION DE ALCALDIA
Número: 2026-0674 Data: 03/11/2026

Cod. Validación: 9AA2P5PWQ45QAA5LS4S7SADSF
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4

4º.- O anuncio de licitación publicouse na plataforma de contratos de Galicia (ID 829291), presentándose as seguintes ofertas a través do sistema de licitación electrónico SILEX da Comunidade Autónoma de Galicia, abertas pola unidade técnica o día 27.10.2026:

Empresa	**Data de presentación**	**Hora**
CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES S.A.	20/10/2026	10:36

Que formula a seguinte proposta:

- CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A.:

A .Prezo:

Sen IVE (euros)	IVE (euros)	TOTAL: (euros)
CINCUENTA E TRES MIL SETECENTOS OITENTA E OITO EUROS (53.788,00)	ONCE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E CINCO EUROS CON CORENTA E OITO CENTIMOS (11.295,48)	SESENTA E CINCO MIL OITENTA E TRES EUROS CON CORENTA E OITO CENTIMOS (65.083,48)

B - Certificados de calidade e outros, indicar SI ou NON (Para a valoración destes certificados os licitadores deberán achegar xunto coa oferta a correspondente documentación xustificativa):

SI Esta en posesión do Certificado de sistemas de xestión de calidade vinculada co obxecto do contrasto (UNE-EN ISO 9001).

SI Esta en posesión do Certificado de xestión ambiental vinculada co obxecto do contrato (UNE-EN-ISO 14001).

SI Esta en posesión do Certificado ISO 18001 OSHSAS prevención de riscos laborais (UNE EN ISO 45001).

Trala apertura das propostas e na mesma sesión, a unidade técnica procede a:

a) Comprobar a documentación presentada pola empresa participante e a inscripción no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresa Clasificadas do Sector Público e/ou no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, constatándose que se atopa inscrita e con carácter xeral a documentación se axusta ao esixido no Prego de Cláusula económico-administrativas que rexe nesta contratación.

RESOLUCION DE ALCALDIA
Número: 2026-0674 Data: 03/11/2026

Cod. Validación: 9AA2P5PWQ45QAA5LS4S7SADSF
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4

b) Avaliar e clasificar a oferta:

EMPRESA	OFERTA ECONOMICA	Puntuación Oferta Económica	CERTIFICADOS ISO	Puntuación Total
CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A.	53.788,00	70,00	0,00	**70,00**

Non se procede á valoración dos Certificados ISO, dado que tal e como se recolle no apartado Q do cadro resumo e Anexo I do Prego de Claúsulas Admiinistrativas Particulares que rexen no procedemento: "*Para a valoración deberán achegar xunto coa oferta a correspondente certificación*".

Resultando a empresa CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. proposta para a adxudicación do contrato de obra do "Mellora da pavimentación do camiño de O Pazo a Coirón (D-01)".

Comprobado no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia se a empresa CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES S.A. está constituída, o/a asinante da proposición ten poder para formular a oferta, non se atopa incursa en ningunha prohibición para contratar, constátase que cumpre.

5.- Consta informe de fiscalización favorable con observacións de data 03.11.2026.

A vista do que antecede, pola presente **RESOLVO**,

PRIMEIRO.- Avocar de xeito singular e para esta resolución, a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante resolución da Alcaldía de 30-06-2023 (nº 2023-0427), publicada no BOPPO nº 133 de data 11.07.2023.

SEGUNDO.- Adxudicar o contrato da obra denominada "MELLORA DA PAVIMENTACION DO CAMIÑO DE O PAZO A COIRON (D-01)" a empresa CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES S.A. co CIF A36008886, polo importe de 65.083,48 € IVE incluído. A obra executarase segundo o proxecto redactado por D. Gabino Grande Toro Enxeñeiro Técnico Agrícola e Enxeñeiro Agrónomo (Colexiado Nº 761), o Prego de Cláusulas Económico-Administrativas Particulares que rexen nesta contratación e a oferta formulada polo adxudicatario.

TERCEIRO.- Dispoñer o gasto con cargo á aplicación presupostaría 454.619.05.01 polo importe de 65.083,48 €.

CUARTO.- Requirir ao adxudicatario para que:

- No prazo máximo de 3 días hábiles seguintes á notificación da adxudicación proceda á formalización do contrato, mediante a sinatura de aceptación da resolución de adxudicación (artigo 159.6.g da LCSP).
- No prazo máximo do 5 días hábiles seguintes a aceptación da resolución da adxudicación presente o Plan de Seguridade e Saúde e o plan de xestión dos residuos.
- No prazo máximo de 10 días hábiles seguintes a aceptación da resolución de adxudicación procédase a realización da acta de comprobación do trazado de planta.

QUINTO.- Publicar a adxudicación no perfil do contratante no prazo de 15 días.

RESOLUCION DE ALCALDIA
Número: 2026-0674 Data: 03/11/2026

Cod. Validación: 9AA2P5PWQ45QAA5LS4S7SADSF
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4

SEXTO.- A dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra "MELLORA DA PAVIMENTACION DO CAMIÑO DE O PAZO A COIRON (D-01)" serán levadas a cabo pola empresa Ceres Oficina Técnica Agrícola S.L.

SEPTIMO.- O control de calidade na execución da obra "MELLORA DA PAVIMENTACION DO CAMIÑO DE O PAZO A COIRON (D-01)" será levada a cabo pola empresa EUROTEC INSPECCION S.L.

OITAVO.- Designar como responsable do contrato e representante do Concello para a recepción da obra ao Arquitecto Municipal.

NOVENO.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na seguinte sesión que se celebre.

Mándao e asínao o alcalde, na data indicada marxe, do que como secretaria-interventora accidental da corporación dou fe para os exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 letra e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo

Documento asinado dixitalmente ao marxe

Cod. Validación: 9AA2P5PWQ45QAA5LS4S7SADSF
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4